

**PREGO DE CLÁUSULAS
ADMINISTRATIVAS PARTICULARES
PARA A LICITACIÓN E
CONTRATACIÓN
DA SUBMINISTRACIÓN
DENOMINADA “MELLORA DA
ILUMINACIÓN PÚBLICA NOS
ENXERTADOS, OS CALZADOS E
OUTROS”
POS+ 2017 ADICIONAL/1**



PREGO DE CLÁUSULAS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCESO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DENOMINADA “MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NOS ENXERTADOS, OS CALZADOS E OUTROS”

1. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

O contrato que sobre a base deste prego se formalice, terá carácter administrativo, tratándose dun contrato de subministración (art. 12 TRLCSP) no cal se atenderá á normativa prevista na lexislación vixente para o contrato de subministración e en todo o non previsto nel, estarase ao disposto especificamente no Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público (TRLCSP), así como no Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, no que non se opoña á antedita lei e ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio e demais normas que, no seu caso, sexan de aplicación á contratación das Administracións Públicas.

II. CONTIDO DO CONTRATO

2. OBXECTO DO CONTRATO

O presente contrato ten por obxecto a subministración denominada “Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros”, tal como se describe no prego de prescricións técnicas elaborado polo enxeñeiro técnico Pablo Pazos García (PROYFE, S. L.)

O conxunto de documentos que compoñen as prescricións técnicas considérase que forman parte integrante deste prego, tendo carácter contractual.

En caso de contradición entre o Pregos de Clausulas Administrativas Particulares e o Pregos de Prescricións Técnicas prevalecerá o primeiro.

Codificación do contrato:
CPV: 31681410-0

3. NECESIDADE ADMINISTRATIVA DE CONTRATAR (art. 22 TRLCSP).

A necesidade administrativa ven determinada pola competencia das entidades locais en materia de iluminacións públicas.

4. DURACIÓN DO CONTRATO

O presente contrato de subministración de terá unha duración de 2 meses (dous meses).

5. TIPO DE LICITACIÓN.

O tipo máximo de licitación ascende a contía de 30.000,00 euros (base: 24.793,39 €; 21% IVE: 5.206,61 €).

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 24.793,39 €

Existe consignación orzamentaria na partida 2017.165.61900 (Incorporación de remanentes ao exercicio 2018).

6. ABONOS AO CONTRATISTA.

A partir da formalización do contrato, a empresa adxudicataria realizará a subministración obxecto desta licitación e contratación no prazo de dous meses, e unha vez realizada esta, expedirá a factura, que debe reunir os requisitos da factura electrónica, dacordo co disposto na Lei 25/2013, e deberá estar rexistrada correctamente no portal de entrada do Estado (FACE). Coa factura acompañarase a acta de recepción do subministro, asinada polo representante legal do concello e pola empresa subministradora.

Facturación por medios electrónicos.-

Estarán obrigados a facturar por medios electrónicos os provedores que entreguen bens ou presten servizos neste concello, tal e como dispon o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e a creación dun rexistro contable de facturas no Sector Público:

- ↗ Sociedades anónimas.
- ↗ Sociedades de responsabilidade limitada.
- ↗ Persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española.
- ↗ Establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.
- ↗ Unións temporais de empresas.
- ↗ Agrupacións de interese económico, agrupacións de interese económico europeo, fondos de pensións, fondos de capital de risco, fondos de investimentos, fondos de utilización de activos, fondos de regularización do mercado hipotecario, fondos de titulación hipotecaria e fondos de garantía de investimento.

Os datos deste concello para a facturación electrónica son:

UNIDADE TRAMITADORA: LA0002521

UNIDADE CONTABLE: LA0002527

UNIDADE XESTORA: LA0002426

O pago do prezo do contrato, na contía ofertada polo adxudicatario, efectuarase mediante transferencia bancaria á conta titularidade do contratista adxudicatario.

7. REVISIÓN DE PREZOS E RISCO E VENTURA.

O contrato realízase a risco e ventura do contratista, segundo establece o artigo 215 do TRLCSP e non procede a revisión de prezos.

8. GARANTÍAS PROVISIONAL E DEFINITIVA

PROVISIONAL.- Para participar neste procedemento aberto non se esixirá a constitución de garantía provisional.

DEFINITIVA.- O adxudicatario estará obrigado a constituir, a disposición do órgano de contratación, a garantía definitiva. A súa contía será igual ao 5% do importe de adxudicación do contrato, IVE excluído. A constitución desta garantía efectuarase polo licitador no prazo de cinco días hábiles, contados

dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento da Administración. En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 100 do TRLCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co establecido nos artigos 96 e 99 do TRLCSP e 55, 56 e 57 do RGLCAP, en canto non se opoña ao previsto no TRLCSP, debendo consignarse na Tesouraria do Concello da Capela.

No caso de amortización ou substitución dos valores que integran a garantía, o adxudicatario ven obrigado a repoñer a garantía en igual contía, sendo á súa costa o outorgamento dos documentos necesarios para tal fin.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo deste, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación, aos efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación. No mesmo prazo contado dende a data en que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repor ou ampliar a garantía na contía que corresponda, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

Conforme ao disposto no art. 102 TRLSCP, a devolución ou cancelación da garantía definitiva realizarase unha vez producido o vencemento do prazo da garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto este por causas non imputables ao contratista.

III. PROCEDEMENTO PARA CONTRATAR

9. CAPACIDADE E SOLVENCIA PARA CONTRATAR

Poderán participar neste procedemento de contratación as persoas naturais e xurídicas, españolas ou extranxeiras que se atopen en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional e non estén incursas en ningunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 60 do TRLCSP.

A solvencia técnica e económica acreditarase e evaluarase de acordo cos medios establecidos neste prego.

Asemade, as empresas adxudicatarias deberán ser persoas físicas e xurídicas cuxa finalidade ou actividade teña relación directa co obxectivo do contrato, que se deducirá de calquera dos documentos que o prego esixe aos licitadores para acreditar a súa personalidade, capacidade, ou no seu defecto, dos que adicionalmente decida achegar o licitador.

10. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

10.1. Procedemento de adxudicación: O contrato non está suxeito a regulación harmonizada ao non superar a súa contía o umbral establecido no artigo 15.1.b) do TRLCSP.

O órgano de contratación é a Alcaldía-Presidencia, ao non superar os importes previstos na Disposición Adicional segunda 1 e 2 do TRLCSP.

10.2. Forma de adxudicación: A adxudicación do presente contrato levarase a cabo mediante procedemento aberto, cun único criterio de valoración “factor prezo”, de acordo co establecido no artigo 157 do TRLCSP, e tramitación ordinaria.

10.3. Importe dos gastos de publicidade: O importe máximo dos gastos de publicidade da licitación do contrato nos Boletíns oficiais e xornal que debe satisfacer o adxudicatario será dun máximo de 300,00 euros.

10.4. Anuncio e perfil do contratante: Coa fin de asegurar a transparencia e acceso público á información relativa á contratación, ademais de anunciar a licitación nos diarios oficiais preceptivos, de acordo co artigo 142 do TRLCSP, publicarase o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello da Capela, na páxina web: www.concellodacapela.es

Os interesados poderán consultar a documentación relativa ao procedemento de contratación no perfil do contratante ou directamente na Secretaría do Concello.

11. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS. DOCUMENTACIÓN:

11.1. O prazo de presentación de proposicións será de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS a contar dende a data de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

O anuncio de licitación tamén se publicará no perfil do contratante (www.concellodacapela.es).

11.2. As proposicións presentaranse de 08:00 a 14:00 horas (de luns a venres), no Rexistro Xeral do Concello da Capela, ou en calquer outro dos lugares establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, en cuxo caso deberá remitirse, mediante fax ou telegrama ao concello, antes da finalización do prazo de presentación de ofertas, o documento acreditativo da dita presentación. En caso de non facelo non será admitida a oferta.

Non obstante, transcorridos cinco días naturais dende o remate do prazo de presentación, non se admitirá ningunha oferta que non fose recibida no dito rexistro, co obxecto de non supeditar a apertura das ofertas ás incidencias do correo.

Os licitadores presentarán dous sobres pechados, asinados polo licitador ou persoa que o represente, indicando os datos que se sinalan no ANEXO I.

a) SOBRE “A”: DOCUMENTACION XERAL.

A documentación que se sinala deseguido, segundo o establecido no artigo 146.4 do TRLCSP, será substituída pola “Declaración responsable do licitador” indicando que cumpre coas condicións establecidas legalmente para contratar coa administración no momento do remate do prazo para presentar as ofertas, segundo o Anexo IV deste prego. En todo caso, o órgano de contratación, en orde a garantir a boa fin do

procedemento, poderá recabar, en calquera momento anterior a adopción da proposta de adxudicación, que os licitadores aporten a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato.

No caso de que a documentación se presente por varios empresarios que formen unha unión temporal, cada un deles deberá cubrir o Anexo III incluíndo ademais unha declaración responsable subscribida por quen afirme representar a cada unha das empresas, na que figurarán:

- O nome e circunstancias de cada un dos que a constitúen
- A participación de cada un na unión a constituír
- A asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.
- O representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción del.

O contido do sobre A “Documentación xeral”, que deberá ser presentado polo licitador que resulte proposto como adxudicatario, será o do establecido no artigo 146 do TRLCSP e a documentación que se relaciona a continuación:

1) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario, de conformidade co establecido no artigo 54 do TRLCSP, e a representación, no seu caso, do asinante da proposta da seguinte forma:

-DNI, cando se trate de empresarios individuais ou escritura de constitución da sociedade ou de modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se o empresario fora persoa xurídica, cando a inscrición en dito rexistro sexa requisito esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose deberán presentar a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos no seu caso, no correspondente rexistro que fora preceptivo. Deberá achegarse tamén o correspondente CIF.

- Escritura de poder, bastanteada pola Secretaría do Concello, letrado en exercicio ou calquera outro fedatario público. Cando o licitador estea actuando a través dun representante ou doutra persoa ou entidade, debe estar en último caso, o acto rexistrado no rexistro mercantil de que é representante legal e adecuado do NIF.

2) A acreditación da solvencia técnica ou profesional acreditarase da seguinte maneira:

- Polo medio previsto no artigo 77.1.a) do TRLCSP: relación das principais subministracións efectuadas durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado delas. A subministración efectuada acreditarase mediante os certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do Sector Público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

3) A acreditación da solvencia económica e medios económicos farase por calquera dos medios aos que se refire o artigo 75 do TRLCSP.

4) Imposto de Actividades Económicas. Os licitadores presentarán o xustificante de estar de alta no Imposto de Actividades Económicas e ao corrente no pago del, dando ao efecto copia da carta de pagamento do último exercicio. Non obstante, cando a empresa non estea obrigada a presentar a declaración do imposto, debe probar este feito mediante a presentación dunha declaración.

5) Se varios empresarios acuden á licitación constituindo unha Unión Temporal, deberán presentar un compromiso de constitución dela. Cada un deles deberá acreditar a personalidade e capacidade indicando, en documento privado, os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e o apoderado único da unión con poderes bastantes para exercitar os deberes e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción deste, ante o órgano de contratación, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan entregar as empresas para cobros e pagos de contía significativa, de acordo co establecido no artigo 59 do TRLCSP. Este documento deberá ser asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da UTE.

7) As empresas estranxeiras non comunitarias, acreditarán a súa capacidade de obrar mediante o informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española no Estado correspondente, na que ademais se faga constar que nese Estado se admite a participación de empresas españolas na contratación coa Administración (artigo 72 do TRLCSP).

8) As empresas estranxeiras comunitarias, acreditarán a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidas, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado nos termos que se establezan regulamentariamente de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (artigo 72 do TRLCSP).

9) Para as empresas estranxeiras, a declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (Disposición Adicional 1.3 do TRLCSP).

10) Declaración responsable do licitador de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración, conforme ao artigo 60 do TRLCSP.

A declaración responsable á que se refire o parágrafo anterior comprenderá expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social imposta polas disposicións legais vixentes, todo iso sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, na que se conterán as circunstancias establecidas nos artigos 13 e 14 do RGLCAP, sexa esixida antes da formalización do contrato, a cuxo efecto

concederáselle un prazo máximo de cinco días hábiles dende o seguinte ao do requirimento polo órgano de contratación.

11) Os licitadores que teñan no seu cadro de persoal traballadores con discapacidade (cun número non inferior ao 2%) deberán aportar a seguinte documentación:

1. *Documento TC2* (relación nominal de traballadores) correspondente a todo o persoal da empresa.

2. *Relación de traballadores fixos con discapacidade*, acompañada da resolución ou certificación acreditativa do grao e vixencia da discapacidade.

3. *Contrato de traballo dos traballadores fixos discapacitados*.

Toda a documentación será orixinal ou ben copias que teñan o carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente (autenticada por Notario Público, polo organismo expedidor da documentación de que trate ou por compulsada da Secretaría do Concello ou persoa que legalmente a substitúa, excepto o documento acreditativo da garantía definitiva, que terá que achegarse o seu orixinal). Así mesmo, os interesados presentarán toda a documentación en galego ou castelán ou mediante tradución oficial.

Non obstante o anterior, os licitadores poderán indicar o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou das Comunidades Autónomas de Galicia no que se atopen inscritas acompañando a correspondente certificación onde se recollan os puntos aos que se refire o artigo 328 do TRLCSP. Nese caso estarán dispensados de presentar os datos que figuren inscritos, ao abeiro do artigo 83 do TRLCSP, sen prexuízo de que a administración poida solicitar aqueles datos ou documentos que estime necesarios coa fin de verificar ou comprobar a exactitude ou vixencia destes.

Aquelas empresas que con carácter voluntario figuren inscritas no Rexistro de Documentación de Empresas Contratistas da Deputación Provincial da Coruña, acompañarán unha copia do informe relativo aos datos inscritos ou a simple referencia ao número de inscrición no rexistro e en consecuencia as empresas que figuren inscritas no Rexistro de Contratistas da Deputación Provincial da Coruña (Ordenanza reguladora do rexistro de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruña, do rexistro de contratos e do rexistro de convenios, publicada no BOP num. 64 do 20 de marzo de 1998) quedarán dispensadas de presentar os documentos nos mesmos termos que se sinalan no parágrafo anterior.

En tales casos, o licitador deberá achegar coa certificación unha declaración responsable na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación (artigo 146.3 do TRLCSP).

b) SOBRE “C”: OFERTA ECONÓMICA.

A oferta axustarase ao modelo que figura como Anexo III a este prego.

Confidencialidade: Os licitadores enumerarán, de forma expresa e clara, aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvagarda da competencia. De non conter ningunha especificación, entenderase que o

licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

12. MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de contratación Permanente do Concello da Capela está integrada ou constituída do seguinte modo:

Presidente:

- O da corporación municipal ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-Un representante do grupo municipal do PSdeG-PSOE

-Un representante do grupo municipal de AIAC

-Un representante do grupo municipal do grupo mixto-PP

-O secretario-interventor do concello.

Secretaria:

-Funcionaria do concello.

13. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN E ADXUDICACIÓN.

13.1. Cualificación de documentación.

Finalizado o prazo de presentación das proposicións e antes da data sinalada para a sesión pública de apertura das ofertas económicas, a Mesa de contratación constituirase para cualificar os documentos presentados en tempo e forma. Para ese efecto o Presidente ordenará a apertura dos sobres que conteñan a documentación á que se refire o artigo 146 do TRLCSP. Se a Mesa observara defectos ou omisións subsanables na documentación presentada polos licitadores, estarase ao disposto no número 2 do artigo 81 do RGLCAP, e a tal fin comunicarao por fax aos interesados, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores os corrixa ou emenden ante a propia Mesa, todo iso sen prexuízo do establecido no artigo 22 do RGLCAP en canto a aclaracións e requirimentos de documentación.

Se a documentación tivese defectos substanciais ou deficiencias materiais non emendables, rexeitarase a proposición, motivándoa.

Apertura e valoración de ofertas:

A Mesa de contratación, en acto público e en unidade de acto coa cualificación (ou de existir defectos emendables, na data que determine a Mesa), que terá lugar no salón de sesións do Concello, dará conta do resultado da cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores nos sobres "A", indicando, se fose o caso, os licitadores excluídos e as causas de exclusión, invitando aos asistentes a formular observacións que se recollerán na acta.

A continuación a presidencia da mesa procederá á apertura do sobre "B" (oferta económica).

A mesa avaliará as propostas consonte aos criterios recollidos no baremo deste prego e formulará a proposta que estime pertinente ao órgano de contratación.

Do acto público de apertura das ofertas correspondentes as proposicións admitidas na cualificación da documentación e dos seus incidentes, levantarase acta pola secretaria, que incluíra a proposta de adxudicación do contrato, que será elevada xunto coas ofertas e documentación presentadas polos licitadores, ao órgano de contratación, que acordará en resolución motivada e que deberá notificarse aos candidatos ou licitadores e publicarse no perfil de contratante, adxudicar o contrato ao licitador que presente a proposición máis vantaxosa ou declaralo deserto, no prazo máximo dun mes, a contar dende a apertura de proposicións (artigo 161.2 do TRLCSP). Todo isto segundo o establecido nos artigos 151 e 161.2 do TRLCSP.

13.2. Adxudicación

13.2.1. Unha vez formulada a proposta de adxudicación pola Mesa de Contratación requírese ao licitador que presentara a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provintes de entidades que se atopen en situación de mora fronte a Administración contratante como consecuencia do impago de obrigas derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveron impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de recibir na entidade o primeiro requirimento de pago. A estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no suposto de que o aval ou seguro fora rexeitado pola Administración.

c) A documentación referida na cláusula 11.2.a), tendo en conta que deberá cumprir as condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato na data do remate da presentación de ofertas.

13.2.2 De non cumprírense adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso, a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Todo isto sen prexuízo do sinalado nos artigos 60.2.d e 61.2.e do TRLCSP.

13.2.3. O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da documentación.

13.2.4. A adxudicación notificaraselle aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

14. CRITERIOS OBXECTIVOS QUE HAN DE SERVIR DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

14.1. O criterio a ter en conta é o da proposición economicamente máis vantaxosa (factor prezo), e dicir a redución do prezo con respecto ao tipo de licitación establecido, valorándose a oferta económica ata un máximo de 100 puntos, de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación do prezo} = \frac{\text{Oferta económica máis baixa}}{\text{Oferta económica que se puntúa}} \times 100$$

14.2. Variantes ou alternativas. Non se admiten variantes nin alternativas sobre o obxecto do contrato.

Criterios de desempate:

No suposto de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación, terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu cadro de persoal o maior número de traballadores con discapacidade (non inferior ao 2%), de conformidade co establecido na Disposición Adicional 4ª do TRLCSP.

15. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Cumpridos os requisitos establecidos na cláusula anterior, a Administración e o contratista formalizarán o contrato en documento administrativo, constituíndo título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o anterior, o dito contrato administrativo poderá elevarse a escritura pública a pedimento do contratista e ao seu custo.

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores e candidatos, dado que o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación conforme ao artigo 40 do TRLCSP. O órgano competente requirirá ao adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparelhada a suspensión da formalización do contrato.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizara o contrato dentro do prazo indicado, a administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, no seu caso esixise.

Se as causas da non formalización fosen imputables a administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle puidese ocasionar.

A formalización do contrato publicarase no BOP e no perfil do contratante (www.concellodacapela.es)

IV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO.

16. MODIFICACION.

Procederán nos casos previstos na lexislación contractual, sempre que teñan relación co obxecto do contrato e sirvan ao cumprimento do seu fin. A modificación deste contrato suxeitarase ao disposto no artigo 219 do TRLCSP así como ao disposto no título V do Libro I.

Non se prevén outras causas de modificación do contrato neste prego, motivo polo cal tan só se poderán efectuar cando concorra algunha das circunstancias enumeradas no artigo 107 do TRLCSP.

17. GASTOS.

Correrán a cargo do adxudicatario o importe das contribucións, impostos e demais gravames e exaccións que resulten de aplicación, segundo as disposicións legais vixentes, con ocasión ou como consecuencia do contrato ou da súa execución.

18. RESPONSABILIDADE NA EXECUCIÓN DO CONTRATO.

O adxudicatario, deberá cumprir as disposicións vixentes en materia fiscal, laboral, da Seguridade Social, prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde, e calquera outra de obrigado cumprimento.

Asemade, o contratista asumirá a responsabilidade civil, administrativa ou penal que lle puidese corresponder como consecuencia da execución do contrato.

19. MORA E PENALIDADES.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración. Cando o contratista, por causas imputables a este, incorrera en mora respecto ao cumprimento do prazo total, o órgano de contratación poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, previa audiencia do contratista, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que en concepto de pago total ou parcial, deban outorgarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituira, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións. (Artigos 202 e 213 TRLCSP).

20. CESIÓN DE CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN DE TRABALLOS.

O contratista non poderá ceder os dereitos do contrato ou subcontratar traballos, sen ter tido previamente a autorización do órgano de contratación, nos termos que establecen os artigos 226, 227 e 228 do TRLCSP.

V. EXTINCIÓN E LIQUIDACIÓN DO CONTRATO.

21. RESOLUCIÓN.

Son causas de resolución do contrato de subministración e obras, ademais das establecidas con carácter xeral no artigo 223 do TRLCSP, as reguladas especificamente para este contrato no artigo 299 do mesmo texto legal. A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento establecido no RGLCAP no que non se opoña ao TRLCSP.

22. EXTINCIÓN POR CUMPRIMENTO.

A forma normal de extinción do contrato de subministración e o seu cumprimento polas partes no prazo fixado ao efecto.

23. PRAZO E DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA. LIQUIDACIÓN.

Establécese un prazo de garantía de UN (1) ANO, contado dende a extinción do contrato polo transcurso da súa duración total. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formularan reparos á subministración prestada, quedará extinguida a responsabilidade do contratista. Durante o período de garantía o contratista queda obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que puidese incurrir, de acordo co establecido no presente prego.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades a exercitar sobre a garantía, e transcorrido o prazo desta, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

24. RESPONSABLE DO CONTRATO.

O responsable do contrato será o Alcalde-Presidente.

25. XURISDICIÓN E RECURSOS.

A contratación dos traballos obxecto do presente prego é de natureza administrativa. Por conseguinte, cantas incidencias se deriven da realización

dos traballos e da interpretación das disposicións dos pregos, serán resoltos en primeiro termo polo órgano de contratación, cuxos acordos porán fin á vía administrativa, e contra eles poderase interpoñer, potestativamente, o recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano ou o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Ferrol no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación. Todo iso conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común; e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa.

As empresas estranxeiras estarán sometidas á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir no contrato.

A Capela, 21 de decembro de 2017

O alcalde

Manuel Meizoso López

ANEXO I: CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

1. PROXECTO	MELLORA DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NOS ENXERTADOS, OS CALZADOS E OUTROS	
2. CODIFICACIÓN	A. Clasificación de produtos por actividades (CPA-2009)	
	B. Vocabulario común de contratos (CPV)	31681410-0
3. ORZAMENTO	A) Obras anuais	
	Base imponible	24.793,39 €
	Importe do IVE	5.206,61 €
	Total	30.000,00 €
	B) Obras plurianuais	Exercicio orzamentario
Base imponible	Importe (IVE ENGADIDO)	
Importe IVE	201...	
Total	201....	
4. VALOR ESTIMADO	Base imponible	24.793,39 €
	10%(modificación de proxecto)	
	10% (certificación final)	
	Total	24.793,39 €
4.BIS. REGULACION HARMONIZADA	<input checked="" type="checkbox"/> a) contrato non suxeito a regulación harmonizada <input type="checkbox"/> b) contrato suxeito a regulación harmonizada <input type="checkbox"/>	
5. APLICACIÓN ORZAMENTARIA	2017.165.61900 (incorporación de remanentes)	
6. PRAZO DE EXECUCIÓN	2 MESES	
7. CLASIFICACIÓN ESIXIDA	<input checked="" type="checkbox"/> Non se esixe	
	<input type="checkbox"/> Esíxese (indicar grupo, subgrupo e categoría)	
	Grupo	subgrupo categoría
8. CLASIFICACIÓN PARA EFECTOS DE ACREDITACIÓN DE SOLVENCIA.	Grupo	subgrupo categoría
	I	1 a)
9. LUGAR DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS	1.- Rexistro Xeral da Administración convocante 2.- Oficina de Correos Comunicación do envío por medio de oficina de correos: Domicilio da entidade contratante: Lg. As Neves, 46-A 15613 A Capela Nº de FAX da entidade contratante: 981 459 371 Correo electrónico da entidade contratante: correo@acapela.es	
10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	<input checked="" type="checkbox"/> A) Tramitación ordinaria: 15 días	
	<input type="checkbox"/> B) Tramitación urgente: _____ días	
	En horario de Rexistro da administración convocante e no caso de presentalo por correos dentro do horario da oficina correspondente.	

11. DOCUMENTACIÓN QUE SE HA PRESENTAR SEGUNDO IMPORTE A QUE SE REFIRE A CLAUSULA 12.1.1, 12.1.2 e 16.1.e)	<input type="checkbox"/> A) Completa <input type="checkbox"/> 1) Igual ou superior a 1.000.000,00 euros <input type="checkbox"/> 2) Igual ou superior a _____ euros <input checked="" type="checkbox"/> B) Simplificada <input type="checkbox"/> 1) Inferior a 1.000.000,00 euros <input type="checkbox"/> 2) Inferior a _____ euros
12. PORCENTAXE SUBCONTRACION	50 % do prezo de adxudicación
13. COMPROMISO DE CONTRATAR A TRABALLADORES/AS DESEMPREGADOS	<input checked="" type="checkbox"/> NON SE ESIXE <input type="checkbox"/> SI SE ESIXE Nº DE TRABALLADORES _____
14. PERFIL DE CONTRATANTE	Dirección páxina web: www.concellodacapela.es
15. GARANTÍA DEFINITIVA	5% do importe de adxudicación IVE excluído
16. TAXAS DO CONTRATO	
17. REVISIÓN DE PREZOS	A) Obras anuais: NON PROCEDE B) Obras plurianuais: B1. NON PROCEDE <input type="checkbox"/> (Cláusula 4.2) B2. PROCEDE <input type="checkbox"/> FORMULA: _____
18. CONTROL DE CALIDADE	Ver a cláusula 29
19. IMPORTE MÁXIMO DOS GASTOS DE PUBLICIDADE DE LICITACIÓN POR CONTA DO CONTRATISTA	600,00 euros

ANEXO II: MODELO DE SOBRE

MODELO DE SOBRE

“A”: DOCUMENTACION

“B”: OFERTA ECONÓMICA

Proposición para tomar parte na licitación da subministración denominada
“Mellora da iluminación pública nos Enxertados, Os Calzados e outros”,
presentada por _____

Telefono _____

Fax _____

Lugar e data _____

ANEXO III: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE SOBRE O CUMPRIMENTO DE REQUISITOS PREVIOS

DON/DONA.....
con domicilio en CP....., provisto de D.N.I. nº en nome propio ou en nome e representación de

SINALA, como datos do/a licitador/a, os seguintes:

Nome e apelidos ou denominación social.....NIF.....
teléfono.....fax.....
correo electrónico....., enderezo para notificacións.....

MANIFESTA a súa vontade de participar na licitación do contrato de.....

SOLICITA que se considere achegada en tempo e forma a documentación que presenta nos sobres "A" / "C" (sinalar os que correspondan) e se admita a súa participación como licitador, e

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que ten plena capacidade de obrar e que conta coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, é esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúe o obxecto do contrato.

2. Que tratándose dunha persoa xurídica, as prestacións que constitúen o obxecto do contrato quedan comprendidas nos fins, obxecto ou ámbito de actividade que lle son propios, ao abeiro dos seus estatutos ou regras fundacionais.

3. Que a empresa non se atopa comprendida en ningunha das causas de prohibición para contratar enumeradas no artigo 60 do TRLCSP.

4. Que o que asina esta declaración, en caso de actuar en nome e representación de outro/a, posúe a representación deste/a.

5. Que reúne as condicións de solvencia económica, financeira, técnica e profesional esixidas no prego.

6. Que a empresa :

- Está dada de alta e ao corrente no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ou se atopa nalgún dos supostos de exención regulados no artigo 82 do Real Decreto Legislativo

2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

- Atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coas administracións con potestade tributaria (estatal, autonómica, provincial e local) e das obrigas coa Seguridade Social.

- Que non ten débedas en período executivo de pago co Concello da Capela, ou que si as ten, atópanse garantidas.

7. Que a empresa, no seu caso, figura inscrita nalgúns dos seguintes rexistros (indicando o nº de rexistro):

- Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do Estado, co nº:.....

- Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co nº:.....

- Rexistro voluntario de documentación de empresas contratistas da Deputación Provincial da Coruna, co nº.....

- Outros.....

8. Que nos termos dos artigos 145.4 do TRLCSP e 86 do RXLCAP (marcar cun X o que proceda):

Non se atopa incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio, por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo.

Atópase incurso no suposto.....
(indicar este) previsto no artigo 42.1 do Código de Comercio, ao pertencer ao grupo de empresas.....(ou estar integrada por algún socio no que concorra algún dos supostos alternativos establecidos no artigo 42.1 do Código de Comercio) respecto do que forman parte as seguintes sociedades (ou nas que concorre algún dos supostos alternativos establecidos no devandito artigo en relación a algún dos seus socios):

- 1.....
- 2.....
- 3.....
- 4.....
- 5.....
- 6.....

9. Que, de tratarse dunha empresa estranxeira (comunitarias ou non comunitarias), sométese á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puidese corresponder ao licitante (artigo 146.1.d do TRLCSP).

10. Que, si/non concorre con empresas vinculadas (en caso afirmativo deberá indicar a denominacion e o CIF das empresas coas que concorre).

11. Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas do presente contrato, así como do proxecto e documentación técnica que o intrega.

12. Que non vai subcontratar/ vai subcontratar.....% dos traballos (en caso afirmativo deberá indicar o nome ou perfil empresarial definido por referencia, as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que vaia a encomendar a sua realización).

13. Que conta no seu cadro de persoal cun número de..... traballadores con discapacidade superior ao 2 %, sendo fixos con discapacidade.....

Lugar e data

Asdo.:_____